PARLAMENTO DE GALICIA

[PLG/MSGN]

Acta da sesión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, do día 27 de xuño de 2024

Na sala de comisións "Concepción Arenal" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, o día 27 de xuño de 2024, ás 16:05 horas, logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:
Carmen María Pomar Tojo
(Presidenta)
José Luis Ferro Iglesias
(Vicepresidente)
Paulo Ríos Santomé
(Secretario)

Vogais:
Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):
Cristina Campero Dorado
María Deza Martínez
Rubén Lorenzo Gómez
Argimiro Marnotes Fernández
Roberto Rodríguez Martínez
Gonzalo Trenor López
Katherinie Varela Fernández
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
Xosé Luís Bará Torres
Alexandra Fernández Gómez
Montserrat Valcárcel Armesto
Sonia Vidal Lamas
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):
Paloma Castro Rey
Carlos López Font
Grupo Parlamentario Mixto (M):
Armando Ojea Bouzo

Outros asistentes:
Carmela González Iglesias
Patricia Iglesias Rey

Comparecentes:
Director de Augas de Galicia
Presidente de Sogama
Directora xeral de Patrimonio Natural

Letrada:
Purificación López Gómez

PARLAMENTO DE GALICIA

A presidenta abre a sesión e rógalle ao secretario que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución.

Constatado éste, éntrase no desenvolvemento da orde do día:

Punto 1. Preguntas

1.1 3188 (12/POC-000489)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Iglesias Rey, Patricia e 2 máis
Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia ante a demanda da instalación dunha pasarela peonil provisional durante as obras contratadas por Augas de Galicia para a reforma da ponte da Milagrosa, en Carballo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 25f2, do 16.05.2024

A Presidencia concédelle a palabra á **señora Iglesias Rey (S),** que procede á defensa da iniciativa ampliando os argumentos que da mesma se expoñen por escrito e que aparecen publicados no BOPG anteriormente subliñado.

En representación da Xunta de Galicia contéstalle o **director de Augas de Galicia (Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático), Roi Fernández Añón**.

En rolda de réplica, a **señora Iglesias Rey (S)** comenta a información recibida, e insiste nas posibles solucións provisionais plantexadas polos afectados.

O **director de Aguas de Galicia, Roi Fernández Añón,** logo de matizar as argumentacións expostas pola señora preguntante, pecha o debate da pregunta ampliando a información facilitada na súa intervención anterior.

A Presidencia agradece a presenza do señor Fernández Añón nesta sesión da Comisión e desculpa a súa ausencia da mesma, dado que non ten máis preguntas ás que lle dar resposta.

Neste intre a presidenta comunica que, previo acordo das voceiras e dos voceiros, altérase a orde de sustanciación das preguntas seguintes e se pasa a tramitar de seguido a POC núm. 5723 (1.3). Agradece á señora Castro Rey e ao señor Trenor López que teñan facilitado esta alteración.

1.2 5723 (12/POC-000806)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Trenor López, Gonzalo e 7 máis

PARLAMENTO DE GALICIA

Sobre o balance das actuacións levadas a cabo para a captura do xabaril en contornas urbanas e a concreción dos concellos nos que se leva a cabo a súa captura mediante gaiolas trampa
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 40f2, do 19.06.2024

A Presidencia concédelle a palabra ao **señor Trenor López (P),** quen pasa a expoñer os motivos nos que basean as preguntas concretas que se formulan na iniciativa e que aparecen publicadas no BOPG anteriormente subliñado

A señora presidenta, logo de darlle a benvida á Comisión, concédelle a palabra á **directora xeral de Patrimonio Natural, (Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático) María Sol Díaz Mouteira** quen, logo de agradecer a alteración da orde día e pedir desculpas por se houber ocasionado algún trastorno, procede a dar resposta ás inquedanzas formuladas.

En rolda de réplica, o **señor Trenor López (P),** agradece a información recibida sobre a que expón novas consideracións.

Pecha o debate da iniciativa a **directora xeral de Patrimonio Natural,** completando a información facilitada na súa anterior intervención.

-Incorpórase á Comisión o señor López Font e auséntase a señora Iglesias Rey-.

A Presidencia agradece a colaboración da señora directora xeral cos traballos da Comisión e autorízaa a abandonar a sesión, xa que non ten mais preguntas ás que teña que dar resposta.

1.3 5501 (12/POC-000773)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos
Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego en 2024 no que atinxe ao canon de Sogama, subvencións aos concellos, construción de plantas de biorresiduos e outras en materia de xestión de residuos urbanos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 40f2, do 19.06.2024

A **señora Castro Rey, Paloma (S),** refire as razóns nas que se basean as cuestións que figuran na súa iniciativa e que aparecen publicadas no BOPG anteriormente citado.

Para a súa resposta intervén por parte da Xunta de Galicia o **presidente da Sociedade Galega de Medio Ambiente-SOGAMA (Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático), Javier Domínguez Lino.**

PARLAMENTO DE GALICIA

En rolda de réplica a **señora Castro Rey, Paloma (S)**, amósase en desacordo con algúns aspecto da mesma e reitérase nas cuestións xa expostas.

Péchase o debate desta pregunta cunha nova intervención do **presidente de Sogama, Javier Domínguez Lino,** que reitera e amplía o manifestado na súa intervención inmediatamente anterior.

A Presidencia agradece a presenza do presidente de Sogama nesta sesión da Comisión e desculpa a súa ausencia se desexa retirarse da mesma para atender outras obrigas.

Punto 2. Proposicións non de lei

2.1 4639 (12/PNC-000564)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Gómez, Alexandra e Rodil Fernández, Olalla
Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co fin de que presente no Parlamento de Galicia un informe que conteña determinadas análises, avaliacións e datos respecto da execución do Plan de atención ás persoas sen fogar en Galicia 2019-2023
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 31f2, do 29.05.2024

A Presidencia, previamente, comunica que a esta proposición non de lei presentouse unha emenda de substitución por parte do G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 6373), da que obvia a súa lectura dado que se repartiu copia aos distintos portavoces. *(Achégase a esta acta como anexo copia do citado documento).*

Deseguido concédelle a palabra á **señora Fernández Gómez, Alexandra (BNG),** quen expón os motivos nos que se basea a proposición non de lei ampliando os que se conteñen na súa publicación no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.

-Incorpórase á sesión a señora González Iglesias, Carmela e auséntase a señora Valcarcel Armesto, Montserrat-.

En rolda de grupo parlamentario emendante intervén o **señor Marnotes Fernández, Argimiro (P),** pasa a defender a emenda do seu grupo que agarda sexa tida en conta.

Na rolda de grupos parlamentarios non emendantes interveñen o **señor Ojea Bouzo, Armando (M)** e o **señor López Font, Carlos (S).** Ambos intervinientes xustifican o voto a favor desta iniciativa.

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre a emenda defendida, a **señora Fernández Gómez, Alexandra (BNG),** logo de agradecer o apoio amosado polos

PARLAMENTO DE GALICIA

grupos da oposición, xustifica a non aceptación da emenda presentada polo G.P. Popular de Galicia.

2.2 5019 (12/PNC-000604)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
González Iglesias, Carmela e 3 máis
Sobre a demanda á Xunta de Galicia da mellora da seguridade viaria nos tramos da estrada PO-552 que cruzan as parroquias de Oia e Saiáns, no concello de Vigo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 34f1, do 05.06.2024

A Presidencia, previamente, comunica que a esta proposición non de lei presentouse unha emenda de substitución por parte do G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 6379), da que obvia a súa lectura dado que se repartiu copia aos distintos portavoces. *(Achégase a esta acta como anexo copia do citado documento).*

Deseguido concédelle a palabra á **señora González Iglesias, Carmela (BNG),** quen expón os motivos nos que se basea a proposición non de lei ampliando os que se conteñen na súa publicación no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.

En rolda de grupo parlamentario emendante intervén o **señor Rodríguez Martínez, Roberto (P),** pasa a defender a emenda do seu grupo baseándose nas diferenes actuacións da Xunta de Galicia na estrada á que se refire a iniciativa.

Aberta a rolda de grupos parlamentarios non emendantes, -o G.P. Mixto non consume esta rolda- toma a palabra o **señor López Font, Carlos (S),** para posicionarse a favor desta iniciativa de impulso ao Goberno.

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre a emenda defendida, a **señora González Iglesias, Carmela (BNG),** comenta as anteriores intervencións e motiva a non aceptación da emenda presentada polo G.P. Popular de Galicia.

Rematado o debate, a Presidencia procede á votación das proposicións non de lei, pola orde na que figuran na convocatoria:

2.1 4639 (12/PNC-000564), do G.P. do Bloque Nacionalista Galego. Sométese a votación o texto orixinal, que resulta **rexeitado** por.

Votos a favor: 8
Votos en contra: 9
Abstencións: 0

PARLAMENTO DE GALICIA

2.2 5019 (12/PNC-000604), do G.P. do Bloque Nacionalista Galego. Sométese a votación o texto orixinal, que resulta **rexeitado** por.

Votos a favor: 8
Votos en contra: 9
Abstencións: 0

A Presidencia agradece a atención prestada polos Servizos Xurídicos, o ton dos debates das súas señorías e levanta sesión.

Remata a sesión ás 18:40 horas.

Carmen Pomar Tojo

Firmado digitalmente por Carmen Pomar Tojo
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Carmen Pomar Tojo, email=carmen.pomar.tojo@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2024.10.03 09:31:36 +02'00'

Paulo Ríos Santomé

Firmado digitalmente por Paulo Ríos Santomé
Fecha: 2024.10.03 08:43:46 +02'00'

V. e pr.
Carmen María Pomar Tojo
Presidenta da Comisión

Paulo Ríos Santomé
Secretario da Comisión